



## Concello de Oza-Cesuras

### RESOLUCIÓN DO ALCALDE

#### ANTECEDENTES:

O Concello de Oza-Cesuras está a realizar o proceso de selección para a contratación laboral temporal dun xefe de brigada de vixiancia e defensa contra incendios forestais 2021.

#### CONSIDERACIÓNS:

No apartado 5 das Bases que han de rexer para a provisión do citado posto de traballo establécese que rematado o prazo de presentación de instancias dictarase resolución declarando aprobada a listaxe de admitidos e excluídos, resolución que tamén poderá publicarse na páxina web do concello sen carácter preceptivo, e que deberá conter a composición nominal do órgano ou tribunal seleccionador, que se encargará de levar a cabo o proceso selectivo e o lugar, data e hora de comezo dos exercicios e, de ser o caso, a orde de actuación dos aspirantes.

Considerando o disposto no artigo 21.1 g) da lei 7/1985 de 2 de abril, esta Alcaldía RESOLVE:

**PRIMEIRO:** Aprobar a listaxe definitiva de admitidos e excluídos no proceso de selección **dun/ha xefe/a de brigada de prevención e defensa contra incendios forestais:**

a) Candidatos **admitidos** no proceso de selección dun/ha xefe/a de brigada de prevención e defensa contra incendios forestais: NINGÚN

b) Candidatos **excluídos** no proceso de selección dun/ha xefe/a de brigada de prevención e defensa contra incendios forestais:

Apelidos e nome	Motivo de exclusión
Fernando Gustavo Ares Rodríguez	- Non estar en posesión de titulación válida esixida, xa que non inclúen no seu plan de formación módulo específico de incendios forestais.

**SEGUNDO:** Abrir, de conformidade co establecido na último párrafo da base 8ª das que rexen o proceso selectivo, unha nova convocatoria urxente cun prazo de presentación de solicitudes ata as 23.59 horas do vindeiro luns 23 de agosto de 2021 para que os interesados no posto de xefe de brigada que reúnan os requisitos esixidos na base 3 das que rexen a provisión (código de validación: 3ENWDL3J5DQ6ZCT3XWTRJXCSP) presenten a documentación necesaria para optar ao dito posto de traballo temporal.

**TERCEIRO:** Publicar na páxina web do Concello, a lista definitiva de admitidos e excluídos así como a apertura da nova convocatoria urxente de contratación, aos efectos oportunos.

Oza-Cesuras, na/s data/s da/s sinatura/s electrónica.

**O ALCALDE,**

**Asdo.- José Pablo González Cacheiro**

**A SECRETARIA ACCIDENTAL,**

**Asdo.- M.ª Belén García Otero**

